

A Comisión de Doutoramento da Universidade da Coruña (UDC), reunida en sesión ordinaria de 15 de outubro de 2012

EXPÓN:

Segundo o RD 99/2011, “ten a consideración de doutorando quen, previa acreditación dos requisitos establecidos no presente real decreto, foi admitido a un programa de doutoramento e se matriculou no mesmo” (Artigo 2. Definicións.). Ademais, “os doutorandos admitidos nun programa de doutoramento matricularanse anualmente na universidade correspondente, na súa Escola de Doutoramento ou na unidade responsable do programa polo concepto de tutela académica do doutoramento (Artigo 11. *Supervisión e seguimento do doutoramento.*).

Por outra parte, segundo o Regulamento de Estudos de Doutoramento da UDC (aprobado en Consello de Goberno de 17 de xullo de 2012), “no caso de que un doutorando non realice a matrícula anual nun curso académico, causará baixa definitiva no programa, salvo nos casos previstos por baixa temporal no programa” (Capítulo 6. Matrícula, Artigo 21. Matrícula no Programa de Doutoramento).

Tendo en conta estas consideracións, a Comisión de Doutoramento

ACORDA:

1. Todos os estudantes de doutoramento da UDC, incluídos os de programas de doutoramento regulados por normativas anteriores ao RD 99/2011, deberán matricularse con continuidade, desde a primeira matrícula nos estudos de doutoramento, cada curso académico e ata a defensa da tese.
2. Os estudantes que non se teñan matriculado nalgún curso académico, salvo os casos previstos no **Artigo 27. Baixa temporal nun Programa de Doutoramento** do Regulamento de Estudos de Doutoramento da UDC, deberán formalizar todas as matrículas pendentes dende o curso académico 2012-2013 inclusive, segundo a normativa de matrícula da UDC.